



LOMCE

## 7 LEIS DE EDUCACIÓN NOS ÚLTIMOS 40 ANOS

Ano 1970	<b>LGE</b> – Lei Xeral de Educación (Lei Villar Palasi)	Regula e estrutura por primeira vez todo o sistema educativo español: 8 cursos EXB / BUP /FP/ novos métodos didácticos, Maxisterio na Universidade, <b>ELIMINA AS REVÁLIDAS....</b>
Ano 1980	<b>LOECE</b> –Lei Centros Docentes	Primeira Lei aprobada despois da Constitución (1978), Introduce un modelo democrático na organización dos centros educativos
Ano 1985	<b>LODE</b> – Lei Orgánica do Dereito á Educación	Non modifica o sistema educativo, pero crea novos organismos coma o consello escolar, as AMPAS, elección do director, concertación centros privados.....
Ano 1990	<b>LOGSE</b> – Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo	Modifica todo o sistema educativo: educación obrigatoria ata os 16 anos, implantación da ESO, redución do Bacharelato, flexibiliza o paso de curso, creanse dous niveis de FP, implántase unha nova metodoloxía pedagóxica.....
Ano 1995	<b>LOPEG</b> - Lei Orgánica da Participación, Avaliación e o Goberno	Reforma algúns puntos da LOGSE referidos á organización e ao funcionamento dos centros educativos.
Ano 2002 (Sen aplicar)	<b>LOCE</b> - Lei Orgánica de Calidade da Educación.	Entrou en vigor en 2003, pero o su calendario de aplicación quedou paralizado por un Real Decreto tras o cambio de goberno resultante das eleccións do ano 2004
Ano 2006	<b>LOE</b> - Lei Orgánica de Educación	Unha Lei que funde a LOGSE, a LOPEG e a LOCE, mantendo a estrutura da LOGSE. Recóllense as competencias básicas. É a Lei que está agora en vigor

***E agora..... a LOMCE (Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa), coñecida tamén como “Lei Wert” que reforma á LOE e entrará en vigor este curso.***

# LEYES DE EDUCACIÓN

LGE (1970) (Dictadura)  
Ley General de Educación

MODIFICA

CONSTITUCIÓN  
(1978)

LOECE (1980) (UCD)  
Ley Orgánica del Estatuto  
De Centros Docentes

DEROGA

LODE (1985) (PSOE)  
L.O. Reguladora del  
Derecho a la educación

COMPLETA

LOGSE (1990) (PSOE)  
Ley Orgánica General  
de Ordenación del S.E.

COMPLETA  
COMPLETA

LOPEG (1995) (PSOE)  
L.O. Participación,  
Evaluación y Gobierno

MODIFICA

LOCE (2002) (PP)  
L.O. de Calidad de la  
Educación

MODIFICA

DEROGA TODAS SALVO LA LODE

LOE (2006) (PSOE)  
L.O. de Educación

## CALENDARIO DE APLICACIÓN DA LOMCE

Curso 2014/215	<ul style="list-style-type: none"><li>- 1º, 3º e 5º de Educación Primaria <i>(1ª avaliación en 3º ao final deste curso)</i></li><li>- 1º curso de FP Básica</li></ul>
Curso 2015/2016	<ul style="list-style-type: none"><li>- 2º, 4º e 6º de Educación Primaria <i>(Primeira avaliación final ao finalizar este curso, a todo o alumnado que remata 6º.)</i></li><li>- 1º e 3º da ESO / - 1º de Bacharelato</li><li>- 1º curso Ciclos Formativos</li><li>- 2º curso de FP Básica</li></ul>
Curso 2016/2017 <u>Avaliacións finais</u>  <u>Selectividade</u>	<p>Resto de cursos Ao finalizar 4º de ESO e 2º de Bachillerato: Xuño 2017 pero sin efectos académicos <i>(vale para a Universidade)</i>, que <u>Si</u> os terán a partir do ano 2018.</p> <p>Ultimo exame: xuño 2016. <i>(Para acceder á Universidade o curso 2017-2018 terase en conta a nota da proba final de Bacharelato do curso 2016-2017)</i></p>


### Proceso de implantación:

- Entrada en vigor da LEI: 3 de xaneiro de 2014.

Desenvolvemento normativo do Estado coa aprobación e publicación dos contenidos básicos (marzo 2014)

Aprobación dos decretos de aplicación nas Comunidades Autónomas, envío de instrucións a aos centros, adaptar os libros de texto

# A nova arquitectura do sistema educativo



A estrutura xeral non se modifica, manténdose as actuais etapas educativas, (*Infantil – Primaria – ESO- Bacharelato- FP Grao Medio /Superior e Estudos Universitarios*) coa única modificación de incluír os *Ciclos de Formación Profesional Básica* na etapa da ESO, e as avaliacións ou probas externas ao final de cada etapa.

A etapa Educación Infantil (que apenas se cita na LOMCE,) na organización das diferentes etapas se producen importantes modificacións.

# MOTIVOS DA LEI

**Os alumnos/as son o centro e a razón da educación**

**Todos os nenos/as teñen talento**

**A educación é o motor que promove o benestar dun país**

**O sistema educativo actual non permite progresar cara una mellora da calidade educativa**

**Elevadas taxas de abandono escolar**



**Os cambios propostos están basados en Evidencias**

## OBXECTIVOS QUE PERSIGUE A LEI

- **REDUCIR A TASA DE ABANDONO ESCOLAR**
- **MELLORAR O NIVEL DE COÑECEMENTOS EN ÁREAS PRIORITARIAS.**
- **ESTIMULAR O ESPÍRITU EMPRENDEDOR DOS ESTUDANTES**
- **REFORZAR A CAPACIDADE DE XESTIÓN NA DIRECCIÓN DOS CENTROS**
- **MELLORAR A APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS**

### NOVIDADES DA LOMCE

**Avaliacións externas ao final de etapa**

### ÁMBITOS CON MAIOR INCIDENCIA


- **TIC**
- **DOMINIO DA SEGUNDA E TERCEIRA LINGUA EXTRANXEIRA**
- **A APRENDIZAXE PROFESIONAL**

# EDUCACIÓN PRIMARIA

## LOE

TERCEIRO CICLO	6º curso Primaria	↑ Informe a ESO
	5º curso Primaria	
SEGUNDO CICLO	4º curso Primaria	← Avaluación diagnóstica
	3º curso Primaria	
PRIMEIRO CICLO	2º curso Primaria	
	1º curso Primaria	

## LOMCE



*Educación Primaria dividida en seis cursos (agora ten 3 ciclos).*

***- Ao rematar o 3º curso, realizarásese unha avaliación a todo o alumnado para medir a capacidade lingüística e matemática. O profesorado decidirá que medidas especiais debe aplicar ao alumnado que non supere estas probas (incluído repetir curso).***

***-Ao rematar 6º curso, realizaráselle a todo o alumnado unha avaliación de fin de primaria sen repercusión académica. Esta proba, cunhos criterios e características fixados polo Estado, realizarase en cada centro e será corrixida por profesorado externo ao mesmo. Os resultados da avaliación expresarase en niveis baixo, intermedio e alto.***



# DETERMINACIÓN DO CURRÍCULO

Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

## LOE

Os contidos das asignaturas en todas as etapas determínase en función á seguinte proporción:

- Ministerio de Educación: 55%
- Administración autonómica: 45%

## LOMCE

Mantéñense estas porcentaxes (55%-45%) para establecer os contidos das asignaturas do 2º ciclo de Educación Infantil.

Para o resto dos contidos modifícase o prantellamento, establecéndose tres categorías diferentes de asignaturas, cada unha das cales ten un tratamento diferente, tanto en carga horaria como na determinación do currículo.

- 1.- ASIGNATURAS TRONCAIS
- 2.- ASIGNATURAS ESPECÍFICAS
- 3.- ASIGNATURAS DE LIBRE ASIGNACIÓN AUTONÓMICA

## **ASIGNATURAS TRONCAIS**

**Os contidos son definidos polo Ministerio de Educación do Goberno Central, que establece asimesmo os criterios de avaliación e logro de competencias, estándares de avaliación e o horario mínimo (50% en todas as etapas). As asignaturas troncais na Educación Primaria son as seguintes:**

**- Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas e a primeira Lingua Extranxeira**

***Nas probas finas de avaliación, que hai que superar para acadar os títulos oficiais, entrarán todas as materias do bloque de asignaturas troncais, algunha das específicas e obrigatoriamente a lingua cooficial e a súa Literatura.***

## ASIGNATURAS ESPECÍFICAS

Os contidos, directrices metodolóxicas e o horario (dentro do máximo do 50% establecido polo Goberno Central) son definidos pola Administración Autonómica.

- Educación Primaria: Educación Física, Relixión ou Valores Culturais e Sociais, Educación Artísticas ou segunda Lingua Extranxeira.

## ASIGNATURAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA

Os contidos, directrices metodolóxicas e o horario son definidos pola Administración Autonómica . O seu horario dependerá do que desde o Goberno Central se fixara para as outras asignaturas e cada Comunidade Autónoma fixara no resto de materias. Neste apartado estaría a lingua cooficial e a súa literatura, no noso caso a lingua galega e a súa literatura, e algunha outra que cada Comunidade Autónoma poida introducir.

*Nas probas finais de avaliación de fin de etapa, que hai que superar para acadar os títulos oficiais, incluírase unha das materias cursadas no bloque de asignaturas específicas e obrigatoriamente a lingua galega e a súa Literatura.*

# NOVA CONFIGURACIÓN CURRICULAR. ÁREAS. PRINCIPAIS ELEMENTOS

Foméntase o reforzo da adquisición da competencia clave de matemáticas con dúas horas máis na etapa, unha en quinto curso e outra en sexto curso (previo á avaliación final de etapa).

Supérase o mínimo legal establecido do 50% para as disciplinas troncais dedicándolles máis do 62% , sen contabilizar a dedicación establecida para Lingua Galega e Literatura que ten o mesmo tratamento.

Mantemento do equilibrio lingüístico das linguas segundo o marco nor-mativo propio de plurilingüismo. Lingua Galega e Literatura así como Lingua Castelá e Literatura teñen a mesma consideración en termos de horarios, avaliación e carga lectiva.

Mantense o peso das ciencias sociais e naturais, na súa nova configuración de dúas materias, cunha nova redistribución.

Potencia e visibiliza a autonomía dos centros. Dispoñen de dúas horas de libre configuración na etapa, unha en cuarto e outra en sexto para establecer áreas da súa elección, que poden dedicar a reforzo ou ampliación de materias ou á impartición doutras, segundo o seu proxecto educativo

## **OUTRAS CARACTERÍSTICAS ESENCIAIS DO NOVO CURRÍCULO GALEGO DA EDUCACIÓN PRIMARIA**

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Regula as tarefas extraescolares con respecto á autonomía pedagóxica e organizativa e segundo as peculiaridades, necesidades e ritmos do alumnado e atendendo á progresividade ao longo da etapa.

Potenciación da aprendizaxe por competencias:

**Currículo baseado na adquisición polo alumnado das competencias clave que priman sobre os contidos.**

**O rol dos docentes é fundamental, non é un currículo só baseado en contidos, memorístico senón baseado en actividades de aprendizaxe integradas, polo tanto, os libros de texto, sendo unha ferramenta esencial, non son determinantes na implantación do currículo, polo que é posible o seu mantemento.**

**Fortalecemento dos elementos transversais e dos programas en desenvolvemento no sistema educativo galego:**


**Atención á diversidade: principio metodolóxico e valor fundamental para todo o alumnado**

**Aprendizaxe de linguas estranxeiras. Plurilingüismo.**

**Educación dixital: recursos dixitais (libro dixital) e contornos virtuais de aprendizaxe (EVA).**

# LOMCE

# LOE



A asignatura Coñecemento do medio na LOMCE divídese en:  
-Ciencias da Natureza  
-Ciencias Socias.



SUPRÍMESE EDUCACIÓN PARA A  
CIDADANÍA



# NOVAS COMPETENCIAS

## LOE

Comunicación lingüística

**Competencia matemática**

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

**Tratamento da información e competencia dixital.**

Competencias sociais e cidadá.

Competencia cultural e artística.

**Competencia para aprender a aprender**

Autonomía e iniciativa persoal

## LOMCE

Comunicación lingüística

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

**Aprender a aprender**

Competencias sociais e cívicas


**Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**

Conciencia e expresións culturais

**LOE**

## **CONCEPTO DE EDUCACIÓN**

**Transmisión de valores, fomento da convivencia democrática, promover a solidariedade, evitar a discriminación, formar cidadáns responsables, libres e críticos**



**LOMCE**

**Apunta á educación como un medio para crear cidadáns empregables e capaces de competir no libre mercado**



## A AVALIACIÓN NA ETAPA PRIMARIA

- Seguirá sendo continua e global, terase en conta o progreso do alumno/a no el conxunto das áreas. Calificarase en IN (1-4), SUF (5), BEN (6), NOT (7-8), SOB (9-10).
- Só se poderá repetir 1 vez cun plan específico de reforzo ou recuperación. A repetición considerárase **unha medida excepcional que se adoptará tras ter agotado as medidas ordinarias**.
- Final de 3º realizarase unha avaliación individualizada do grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión oral, comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas (competencia lingüística e matemática).
- De resultar **desfavorable** a avaliación o equipo docente deberá adoptar as medidas máis adecuadas.

## A AVALIACIÓN NA ETAPA PRIMARIA

- Ao rematar 6º outra avaliación individualizada para comprobar o grado de adquisición de competencia lingüística, matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.
- **O Goberno previa consulta ás CCAA, establece as características xerais da proba, coa finalidade de asegurar unha avaliación común a todo o territorio.**
- **O resultado da avaliación expresarase en niveis. O nivel obtido por un alumno/a plasmarase nun informe que se entregará aos pais e tendrá un carácter orientador para os centros.**
- **As Administracións poderán establecer plans específicos de mellora para os centros con peores resultados**

# A AVALIACIÓN NA ETAPA PRIMARIA

Establécese un elemento novo no curriculum que son os **estándares de aprendizaxe avaliáveis**. Defínense como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada asignatura.

Ademais, os estándares de aprendizaxe avaliáveis deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

É unha das novidades en Primaria que afecta ao que ensinar e que avaliar. No curriculum oficial están establecidos os estándares de aprendizaxe avaliáveis en cada asignatura e en cada curso que indican dunha maneira máis precisa o que o neno/a debe saber en cada unha das asignaturas e en cada curso.



Traducido por <http://socialdemencia.blogspot.com>

# MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Conceto de NEAE (Art, 71.2):

Síguese coa diferenciación entre NEE e NEAE

- NEE: alumno con discapacidade / trastorno grave de conduta
- NEAE: NEE, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades, incorporación tardía ao sistema educativo, ou condicións persoais ou de historia escolar

**As Administracións educativas poderán establecer plans de centros prioritarios para apoiar especialmente aos centros que escolaricen alumnado en situación de desventaxa social. (Art. 71.1)**

**Establécense programas de reforzo aos que promocionan con pendentos. Nas repeticións as condicións curriculares adaptaranse ás necesidades do alumno e estarán orientadas á superación das dificultades detectadas.**

**As Avaliacións individualizadas servirán para detectar precozmente as necesidades específicas de apoio educativo (Art. 20)**

**Nas linguas extranxeiras realizaranse adaptacións para o alumnado con discapacidade ou dificultades de expresión oral. As adaptacións non se terán en conta para minorar as calificacións obtidas.**

# OUTRAS NOVIDADES

O profesorado ten consideración de autoridade pública. Nos procedementos de adopción de medidas correctoras, os feitos constatados por profesores, terán valor probatorio e disfrutarán de presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que, na defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan sinalar ou aportar os propios alumnos/as.

**Potenciación da función directiva: Aumento de liderazago do director que asume máis competencias**

**Menos competencias ao Consello Escolar**

**Poténciase a autonomía dos centros: Promoveranse accións destinadas a fomentar a calidade dos centros docentes, mediante o reforzo da súa autonomía e a potenciación da función directiva.**

**O proxecto educativo de calidade suporá a especialización dos centros docentes, que poderá comprender, entre outras, actuacións tendentes a:**

- A excelencia.
- A formación docente.
- A mellora do rendemento escolar
- A atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo

# ÁMBITOS NOS QUE NON HAI MODIFICACIÓNS

**A LOMCE modificou á LOE pero non a derogou, segue en vigor para todo o que non se modificou, como:**

**Educación Infantil.**

**Réxime xurídico aplicable a todo o profesorado.**

**Réxime xurídico aplicable aos centros docentes.**

**Medidas Xerais de atención ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.**

**Sistema Xeral de becas e axudas ao estudo.**

**Inspección Educativa**

# ENLACES DE INTERÉS

- LOMCE:

[https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2013-12886](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2013-12886)

TEXTO CONSOLIDADO:

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-7899>

- LEXISLACIÓN GALICIA

**Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

**Orde do 23 de xullo de 2014** pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de Educación Primaria

· [http://www.smconectados.com/SMCR\\_Conferencia\\_LOMCE\\_en\\_resumen.html](http://www.smconectados.com/SMCR_Conferencia_LOMCE_en_resumen.html)

<http://www.stecyl.es/LOMCE/LOE-LOMCE.pdf>





MOITAS  
GRAZAS  
POLA VOSA  
COLABORACIÓN